

CANDIDATURA

MARÍA LOURDES MORALES CID
ZELTIA BURGOS TORTOSA
XURXO NÓVOA REY
JOSÉ MARÍA MARTÍNEZ PENEDO
JOSÉ ÁNGEL ARES GÓMEZ
MÓNICA GONZÁLEZ COUSO
AMANCIO BRUQUET ÁLVAREZ
ANTONIO GAVELA GESTO
SUSANA GARCÍA RODRÍGUEZ
DOMINGO NEIRA MARTÍNEZ
ALFONSO DIZ DIÉGUEZ
SILVIA PAZO FERNÁNDEZ
LUCÍA SALVE BOUZO
ELOY VÁZQUEZ PÉREZ
JAVIER CONDE ÁLVAREZ
ANA MARÍA BENITO GALÁN
XOSÉ DIZ ROMAY
MARÍA YOLANDA GÓMEZ FEIJOO
MANUEL CASASNOVAS CALVO
RAQUEL CARREIRA FERNÁNDEZ
XULIO XOSÉ CONDE BLANCO
ANTONIO REY-STOLLE VALCARCE
MARÍA ELVIRA FERNÁNDEZ DOVAL
RAQUEL FERNÁNDEZ ALONSO
JAIME MOYA GIL

MESAS DE VOTACIÓN E ÁMBITOS

11 de abril
9:00 a 14:30

- Mesa 1.** Avda. Habana, 79.
- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AP e Xustiza
 - Cultura e Turismo
 - Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
 - Economía, Emprego e Industria
- Mesa 2.** Rúa Florentino Cuevillas, 4-6.
- Medio Rural
 - Infraestruturas e Mobilidade
- Mesa 3.** Rúa Concello, 11.
- Educación, Universidade e FP
 - Facenda
 - Política Social
- Mesa 4.** Avda. Zamora, 13.
- Sanidade
 - Consumo

Máis información e novas:

i.gal/vota



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Combateamos os recortes sen renuncias



NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS...

**COA CIG SOMOS
MÁIS FORTES**



A CIG AVANZA NA MELLORA DAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO

O 11 de abril son as eleccións aos representantes na Xunta de Persoal Funcionario de Ourense. A CIG presenta unha candidatura forte e equilibrada, composta por persoas con ganas de loitar polos servizos públicos da nosa provincia e a mellora dos dereitos laborais do persoal funcionario en Ourense.

O que votes vai marcar a liña de actuación sindical que imos ter na Administración Autonómica nos vindeiros catro anos.

Defendemos os servizos públicos e a súa prestación directa á sociedade, combatendo a súa privatización. Defendemos a mellora progresiva das condicións laborais e de calidade de vida das empregadas e empregados públicos. Defendemos unha nova sociedade sen explotación económica nin opresión política.

A Xunta está a establecer un sistema negociador de talante impositivo, prepotente e de desprezo coa representación sindical dos funcionarios e das funcionarias. Podémolo ver naquelas materias que necesitan a negociación colectiva, intentando corromper os procesos, vinculando a negociación a pactos previos, co manexo torticeiro dos tempos, chantaxeando coas “Comisións de Seguimento” co fin de cortar información e a participación das organizacións “desconformes” que non asinan.

Para a CIG, o primordial non é manter unha boa relación cos que mandan. Rexeitamos converternos nunha correa de transmisión do poder; rexeitamos ser unha organización “pactista”. Pero sabemos negociar e sabemos chegar a acordos. Sempre leais na negociación e sempre firmes.

A CIG ten unha resposta singular: **Propoñemos medidas de mellora por riba das pactadas** polo resto das organizacións sindicais. Así combatemos os recortes sen renuncias.

- **Novo edificio administrativo** único, céntrico, accesible, seguro, habitable e con todos servizos que merecemos os empregados públicos (comedor, escola infantil, sala descanso e maternidade, vestiarios, enfermaría, aparcadoiro e aulas de formación).
- Condicións adecuadas de habitabilidade, seguridade e accesibilidade para todos os centros de traballo.
- Acordo e execución dos plans de **prevención de riscos laborais** e denuncia á inspección de traballo cando non se apliquen.
- **Descentralización** de toda a **formación** e probas da EGAP **en Ourense, Verín e o Barco**. Axudas de custo para desprazamento no caso de formación só presencial en Santiago de Compostela.
- **Derrogación** inmediata da lei dos recortes: a Lei 1/2012 de medidas temporais. Devolución da rebaixa salarial tal e como nola quitaron.
- Retribucións vinculadas ao **IPC** e non ao PIB.
- Ofertas de emprego e convocatorias permanentes, sen taxas de reposición.
- Cobertura de todas as baixas e vacantes. Supresión da utilización abusiva de empresas privadas.
- Redución da **temporalidade**, convocando todas as vacantes e mediante concurso-oposición.
- Promoción interna, vertical, cruzada e horizontal, a calquera grupo coa titulación necesaria, co 50% das vacantes, en procesos separados do acceso libre.
- Eliminación das áreas funcionais.
- **Comisións de servizo** públicas e limitadas, con criterios obxectivos.

- **Concurso de traslados** permanente **XA!**
- Eliminación dos concursos específicos.
- Recuperación do **Fondo de Acción Social**, con novas axudas e dotación económica suficiente.
- Xornada de traballo de 35 horas, sen prexuízo das reducións por xornadas diferentes da ordinaria.
- Fomento da **flexibilidade** fronte a redución de xornada. Flexibilidade ata os 14 anos do menor e remate do curso escolar. Aumentar ata os 12 meses e igualar os permisos de maternidade e paternidade.
- Garantía da conciliación e da bolsa de horas positiva. Elaboración e execución do Plan de Igualdade.
- Carreira profesional sen exclusións e sen avaliación subxectiva. Nova negociación de importes e condicións.
- Derrogación da reforma das pensións. **Xubilación** ordinaria aos 65 anos e voluntaria a partir de 35 anos cotizados. Xubilación parcial. Xubilación anticipada con coeficientes redutores.
- **Trienios** iguais para todos os grupos equiparados ao grupo A1.

O 11 de abril

VOTA

